

RESOLUCIÓN POLA QUE SE ADXUDICA DEFINITIVAMENTE O EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN NÚMERO 1/09, TRAMITADO POLO PROCEDIMENTO ABERTO, PARA O SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA PARA O EDIFICIO CESGA

Con data 10 de xullo de 2009, publicouse no perfil do contratante da páxina web da Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia (en diante a Fundación CESGA), a Resolución da mesma data, pola que se acordaba a adxudicación provisional do expediente de contratación 1/09, a favor da entidade Unión Fenosa Comercial S.L.

A empresa adxudicataria presentou en tempo e forma toda a documentación requirida e, en consecuencia, a enunciada no punto 10.1 do prego de condicións que rexeron o procedemento de contratación.

En cumprimento do establecido na cláusula 10.2 do prego de condicións, e de conformidade coas facultadas que me confiren os Estatutos da Fundación CESGA,

RESOLVO:

Primeiro.- Elevar a definitiva a adxudicación do contrato de subministro de enerxía eléctrica para o Edificio CESGA, a favor da empresa Unión Fenosa Comercial S.L., con CIF B82207275, polo importe (prezo kw/hora) de NOVE EUROS CON CATRO MIL CATRO CENTOS NOVENTA E SETE CÉNTIMOS (9,4497 €).

Segundo.- Requerir ao adxudicatario para a formalización do contrato dentro do prazo de DEZ (10) días hábiles dende a comunicación da presente resolución, ao que uniráselle, formando parte integrante do mesmo, a oferta do adxudicatario (conformando o Anexo I) e un exemplar do prego de condicións que rexeron o procedemento de contratación (conformando o Anexo II), debidamente asinados polo contratista.

Terceiro.- Comunicar aos licitadores non adxudicatarios que a documentación que xuntaban as súas proposicións se encontra a súa disposición.

Cuarto.- Divulgar na páxina web da Fundación CESGA (no "perfil do contratante") a información relativa á adxudicación do contrato á que se refire o artigo 10.3 da Lei 4/2006, de 30 de xuño, normas reguladoras da transparencia e das boas prácticas da Administración pública galega.

En Santiago de Compostela, 4 de agosto de 2009,



O Director-Xerente da Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia –Fundación CESGA
D. Javier García Tobío